

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 28 de xuño de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
Dª Mª Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
Dª Mª Jesús Lago Rey
Dª. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
Dª. Mª Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e oito de xuño de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoyo á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(711).- ACTA ANTERIOR.

Apróbanse as actas das sesións ordinaria e extraordinaria urxente do 14 de xuño de 2013.. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. alcalde-presidente.

2(712).- PROPOSTA DE ALLEAMENTO DE 164 VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 4520/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 19.06.13, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear para chatarra 164 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumplir las seguintes condicións:

- As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de resíduos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo secciona-los bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presenta-lo xustificante do abono do prezo.
- O adxudicatario será o licitador que oferte un prezo máis alto.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello que conterá o seguinte modelo de proposición:

"D., con D.N.I. nº, en nome propio (ou en representación de), informado do procedemento para a venda para chatarra de 164 vehículos, solicita a súa admisión ó mesmo e fai constar:

1.- Que acepta integralmente as condicións para a enaxenación dos 164 vehículos.

2.- Propón como prezo para a compra dos 164 vehículos o de euros.

Lugar, data e sinatura do licitador."

3(713).- CORRECCIÓN ERROS ACORDO DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO E DAS SÚAS DEPENDENCIAS. EXPTE. 1316/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 25.06.13, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 24 de maio de 2013, adoptou o seguinte acordo:

6.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO E DEMAIS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. EXPTE. 1316/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 21.05.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Adxudicar a LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A.U. o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza da Casa do Concello e demais dependencias municipais do Concello de Vigo (Expte. 1316-440) por un prezo total de 6.700.078,70 €/catro anos (IVE incluído), sendo a cota correspondente o IVE de 1.022.045,90 €/catro anos.

Comprométese a prestar 2.000 horas anuais como bolsa de horas extraordinarias eventuais ofrecidas sen custo adicional para o Concello.

Propón os seguintes prezos unitarios:

Superficie acristalada: 0,49 €/m²

Superficie de corredoiros e escaleiras: 0,07 €/m²

Superficie de oficinas, despachos, salas de reunións: 0,08 €/m²

Superficies abertas: 0,024 €/m²

Superficie dos baños e aseos: 0,12 €/m²

De vehículos da policía municipal: 8 €/m²

Comprometese á execución das seguintes melloras:

- *Sistema microfibra de fregado.*
- *Fregadora automática de a pé.*
- *Fregadora conductor sentado.*
- *48 aspiradores de pó HEPA.*
- *6 aspiradores de pó-auga.*
- *4 aspiradora mochila HEPA.*
- *Pértiga hidrodifusora 20 m.*
- *Plataforma elevadora exterior.*
- *Plataforma elevadora interior.*
- *Control de presencia e software.*
- *Dotación dispensadores de xabón.*
- *Dotación dispensadores papel secamáns.*
- *80 contenedores hixiénicos.*
- *40 equipos bacteriolóxicos inodoros.*
- *8 enfundadores paraugas.*
- *2 vehículos ECO2.*
- *Contenedores xestión residuos.*
- *Sistema de xabón en espuma.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescripcións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada

Segundo.- En ningún caso, podrá o adxudicatario do contrato, aumentar o número de traballadores/as adscritos á prestación nin o número de horas por enriba das que figuraban na relación que se incorporou na información dada en execución do previsto no artigo 120 do TRLCSP. Calquera variación na estrutura, número, horas, etc, deberá ser aprobada polo Órgano de Contratación. No caso de modificacións cuantitativas do contrato, o Órgano de contratación que teña a competencia para aprobar a modificación do mesmo, pronunciarase, previa valoración técnica, do impacto que está a ter a modificación do contrato sobre o número de traballadores, horas e custo que vai a supor na subrogación, e sobre esa variación, poderá xerar a ampliación dos medios personais si así o autoriza o Órgano de Contratación, ou acometer a execución do modificado cos mesmos medios, o que suporía un aumento da prestación a executar cos medios ofertados.

No punto primeiro do acordo existe un erro material xa que se estableceu o prezo total de 6.700.078,70 €/catro anos (IVE incluído) e a cota correspondente o IVE de 1.022.045,90 €/catro anos. Estas cantidades están calculadas cun IVE do 18% (o que se establecía no prego de cláusulas administrativas particulares) e non do 21% vixente na actualidade. Os prezos do contrato tendo en conta este tipo impositivo é de 6.870.419,69 euros e a cota correspondente o IVE (21%) de 1.192.386,89 €/catro anos .

A vista das anteriores circunstancias, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO a adopción do seguinte acordo:

Corrixir o erro material do paragrafo 1º do punto 6 da orde do día da Xunta de Goberno Local celebrada o 24 de maio de 2013 “ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO E DEMAIS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. EXPTE. 1316/440., no sentido de fixar como prezo do contrato co IVE do 21% incluído o de 6.870.419,69 euros e a cota correspondente o IVE (21%) na cantidade de 1.192.386,89 €/ para os catro anos do contrato.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(714).- SOLICITUDE DO CONCELLO DE TOMIÑO, DE PRÉSTAMO DE DÚAS OBRAS DE ANTONIO FERNÁNDEZ, PARA EXPOSICIÓN TEMPORAL. EXPTE. 4853/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal de Vigo “Quiñones de León”, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Autorizar o préstamo das seguintes obras:

Título: Autorretrato
Artista: Antonio Fernández
Nº Inv.: 494
Técnica: Óleo s/ lenzo
Data: 1923
Dimensíons: s/m 92 x 98 cm
Estado de conservación: Bo

Título: Antícoli
Artista: Antonio Fernández
Nº Inv.: 492
Técnica: Óleo s/ lenzo
Data: 1924
Dimensíons: s/m 75,5 x 93,7 cm
Estado de conservación: Bo

á Concello de Tomiño, organizador da exposición “Antonio Fernández, pintor de tres mundos” que terá lugar entre o 4 e o 20 de outubro de 2013 no centro goianés, segundo as condicións xerais de préstamo que se achegan ao expediente.

Segundo.- Comunicar á Xunta de Galicia o cambio de datas de celebración da exposición, xa que logo, ésta ven de autorizar a saída de obras do Museo “Quiñones de León” para as datas previstas inicialmente (do 7 ao 20 de xuño de 2013).

5(715).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS PARA A ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE MELENDI NO AUDITORIO DE CASTRELOS. EXPTE. 5128/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20.06.13, o informe de fiscalización do 21.06.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 21.06.13, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e

Promoción Cultural, conformado polo concelleiro de Cultura, Festas e Museos e pola concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de prestación de servizos para actuación artística de Melendi no Auditorio de Castrelos (expte:5128/335), que contén o prego de prescripcións técnicas particulares de data 30 de maio de 2013, e o prego de prescripcións administrativas particulares de data 10 de xuño de 2013.

Segundo .- Autorizar un gasto por importe de 70.000 € máis 14.700 € de iva que fai un total de 84.700 € (OITENTA E CATRO MIL SETECENTOS EUROS) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.09.06 “Festas de Vigo” do orzamento municipal vixente.

Terceiro.- Abrir un procedemento negociado sen publicidade, en base ao artigo 170.d) do TRLCAP por razóns de dereitos de exclusividade sobre o espectáculo proposto, coa empresa “SIN NOTICIAS DE HOLANDA, S.L.” con CIF: B-84294123, como representantes en exclusiva do artista Melendi, tal e como se recolle no escrito de declaración do apoderado da empresa e poder notarial que acredita esa representación, que se achega ao expediente.

Cuarto.- Que a mesa de contratación non interveña neste procedemento, ao ser potestativa a súa constitución según artigo 320.1 do TRLCSP.

6(716).- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE DEPORTES DE VERÁN “VERANDEPORTIVO 2013”, NA PRAIA DE SAMIL. EXPTE. 12201/333

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 18.06.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Juan Carlos Andrés en representación da empresa EVENTOGLOBAL, no mes de xullo de 2013, a organizar na desembocadura do río Lagares na praia de Samil, o evento deportivo denominado VERANDEPORTIVO 2013, onde se celebrarán os campeonatos que se relacionan a continuación: o 29 e 30 de xuño con o XV CIDADE DE VIGO DE BALONMAN PRAIA, do 6 ao 7 de xullo o X CIDADE DE VIGO DE VOLEY PRAIA, do 12 ao 14 de xullo o CAMPEONATO GALEGO DE FÚTBOL PRAIA, do 20 ao 21 de xullo o IX CIDADE DE VIGO DE TENIS PRAIA e o 25 de xullo o X TROFEO DE FOOT-VOLEY.

7(717).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA PARA O SOTERRAMENTO DE INFRAESTRUTURAS ELÉCTRICAS 2013. EXPTE. 14829/444

Dáse conta do informe-proposta do xefe dos Servizos Exerxéticos do 18.06.13, que di o seguinte:

Antecedentes

No DOG nº 97 do 23 de maio de 2013, saiu publicada ORDE do 13 de maio de 2013 da Consellería de Economía e Industria pola que se establecen as bases para a concesión das axudas para o soterramento de infraestructuras eléctricas que transcorran por un ou varios termos municipais na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede a súa convocatoria.

No Parque de Castrelos existe, a día de hoxe, unha instalación eléctrica de alimentación ao alumado exterior en condicións de precariedade debido a que está en aéreo sobre postes de formigón e madeira. Nestas condicións están tanto as acometidas eléctricas aos cadros de mando, como a instalación de alimentación aos puntos de luz e os cadros de mando.

Ademais considérase esta actuación de importante e urxente debido a que é unha zona de interese turístico e moi concorrido por visitantes en todas as épocas do ano.

É polo que nesta convocatoria o Concello de Vigo pretende con esta actuación soterrar as liñas eléctricas aéreas de alimentación aos centros de mando e a distribución aérea aos puntos de luz existentes, para así poder eliminar todo o tendido aéreo existente na zona e non causar un impacto visual importante e garantir unhas condicións de seguridade eléctrica más acordes coa normativa vixente.

A actuación contemplaría executar a obra civil necesaria para o soterramento das liñas que incluiría apertura de gabias, canalizacións con tubería sobre capa e condutores eléctricos regulamentarios.

O importe total, co IVE engadido, da obra que se pretende executar ascende a 45.700,97 euros (corenta e cinco mil setecentos euros con noventa e sete céntimos).

Todas as actuacións respetarían en todo momento as normativas vixentes en prevención de riscos laborais, medioambiente e regulamento electrotécnico de baixa tensión.

Atendendo ao exposto, é necesario que a Xunta de Goberno local aprobe a solicitude do Concello de Vigo na participación da convocatoria de subvencións ao respecto.

Faise a Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO- Aprobar a participación do Concello de Vigo co proxecto de soterramento de infraestructuras eléctricas no Parque de Castrelos por un importe total de 45.700,97 euros, no programa de axudas convocadas pola Consellería de Economía e Industria para o soterramento de infraestructuras eléctricas que transcorran por un ou varios termos municipais na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(718).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA DE SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE PERSOAL: PROGRAMA “VIGO EMPREGA” 2013. EXPTE.9863/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.06.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 4.06.13, conformado polo concelleiro de Participación Cidadá, Emprego e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar a convocatoria de selección e contratación dos seguintes postos para o programa de inserción laboral “VIGO EMPREGA ” 2013:

a) Capataces beneficiarios/as

- 4 – de construcción
- 1 – de xardinaría/forestal

b) Oficiais beneficiarios/as:

- 17 -Oficiais Albanel.
- 2 – Oficial Carpinteiro Metálico.
- 11 –Oficiais Condutor.
- 1 – Oficial Condutor-Palista.
- 1 – Oficial Fontaneiro.
- 2 – Oficiais Electricista.
- 10 – Oficiais Xardineiros/Forestais.
- 1 – Oficial Pintor.
- 1 – Oficial Carpintería de madeira
- 1 – Oficial Canteiro
- 2 – Oficiais Mecánico

c) Peóns beneficiarios/as:

- 68 – Peóns.

Segundo.- Modificar o punto 8 das Bases de Selección de persoas candidatas en canto a distribución dos postos de peón a contratar que permita cando menos a presenza de:

COLECTIVOS	Nº
3% persoas con discapacidade que poidan desempeñar as funcións do posto de traballo	3
25% mocidade entre 18 e 25 anos.	17
18% mulleres	12
18% persoas maiores de 45 anos.	12
18% persoas maiores de 25 e menores de 45.	12
18% persoas paradas de longa duración.	12
TOTAL PEÓNS	68

Establecendo, así mesmo, las siguientes puntuaciones na fase final do proceso de selección:

- Pessoas candidatas ao posto de peón, que non perciban ningunha renta ou subsidio de desemprego, 1 punto.
- Pessoas candidatas ao posto de oficial ou capataz, que non perciban ningunha renta ou subsidio de desemprego, 0,5 puntos

Terceiro.- Realizar a solicitude de persoas candidatas as Oficinas do Servizo Público de Emprego, segundo os criterios de valoración establecidos nas bases de selección, para os distintos postos para pasar ao procedemento de selección:

Peóns: Comprobación do cumprimento dos requisitos imprescindibles establecidos no punto 6 das bases de selección.

Oficiais e Capataces: Valoración dos candidatos segundo criterios de experiencia laboral formación e outros méritos, directamente relacionados coa actividade a desenvolver.

Cuarto.- Aprobar a relación de obras a desenvolver dentro do programa, que deseñado se relaciona:

- a) Vías e Obras, construcción das seguintes beirarrúas en:
 - Estrada do Fragosoño en Sardoma.
 - Estrada da Gándara en Valadares
 - Rúa San Roque en Vigo Centro.
 - Rúa Barreiro en Lavadores.
- b) Patrimonio Histórico:
 - Obras de mellora e consolidación de elementos patrimoniais como muiños e outros.
- c) Cemiterios:
 - Actuacions de mellora nos cemiterios de Pereiró, Lavadores e Beade.
- d) Deportes:
 - Canalización de augas no Campo de Futbol de Sampaio.
 - Acondicionamento instalacions no Campo de Futbol do Carballal.
- e) Policia Local:
 - Habilitación vestuarios.
 - Acondicionamento oficinas administrativas.
- f) Limpeza:
 - Acondicionamento de cunetas, muros e valados nos viais e camiños das parroquias de Cabral, Lavadores e Sampaio

g) Parques e Xardíns:

- Novas praderías de cespe, resementeira das existentes e plantación zonas arbustivas, vivaceas e novo arbolado nos parques do Castro e Castrelos.
- Acondicionamento e reparación de camiños públicos e escaleiras de acceso ao parque de Castro.
- Rega automática nos parques de Castro e Castrelos.

h) Vigo Zoo:

- Arranxo cuberta da antiga oficina administrativa dos obradoiros.
- Reforma e reparación de muros, espacios interiores e construcción de caseta de madeira no recinto de Bovidos Sur.

i) Parque Central de Servizos:

- Construcción na zona de lavado de vehículos municipais.
- Pintado de instalacións no Parque Central de Servizos.
- Mantemento e arranxo de vehículos do programa.

j) Emprego e Participación Cidadá.

- Acondicionamento interior nave municipal da Florida.
- 1ª Fase Acondicionamento interior local municipal na rúa Pérez Bellas.

k) Desinfección.

- Apoio a campaña de desratización do casco urbán, do río Lagares e afluentes; e á precampaña de desratización en barrios e parroquias.

Quinto.- Aprobar o gasto total de 834.111,76 €, dos que para o presente ano corresponden 556.074,50 € e para o ano 2014 de 278.037,26 €. Estes custos aplicáranse á partida orzamentaria seguinte 2410 1310000 "Plan de Emprego Municipal" do vixente orzamento municipal e do correspondente ó ano 2014:

Sexto.- Nomear membros da Comisión de Selección de persoal do programa VIGO EMPREGA aos seguintes membros:

1.- Selección de Capataces e Oficiais de Oficios

Vogais suplentes:

Carlos Juncal Gil

Presidente:

Primitivo Calles Santos

Francisco J. Gutiérrez Orúe.

José Manuel Martínez Vieitez

Suplente Presidente:

2.- Selección de Peóns

Ana Mª Mouriz Martínez

Presidente:

Purificación Bernárdez Martínez

Francisco J. Gutiérrez Orúe.

Suplente secretario/a:

Suplente Presidente:

Rosa Mª Otero Malvarez

Ana Mª Mouriz Martínez

Vogais:

Secretario/a:

Juan Zaragoza Bastos

Purificación Bernardez Martínez

José Antonio Comesaña Davila

Suplente secretario/a:

Alfonso Rodríguez López

Marta Alonso Posada

Vogais:

Juan Zaragoza Bastos
Francisco J. García Soto
Juan Ramón López Rivera
Vogais suplentes:

Carlos Juncal Gil
Ramón Vazquez Pazó
Alfonso Conde Rodríguez

9(719).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DE ADECUACIÓN DE PARCELA PARA APARCADOIRO NO POLIDEPORTIVO DE NAVIA. EXPTE. 2364/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 14.06.13, conformado polo concelleiro de Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

O técnico municipal D. ÁLVARO CRESPO CASAL presenta o proxecto de *ADECUACIÓN DE PARCELA PARA APARCAMIENTO NO POLIDEPORTIVO DE NAVIA*, redactado polo citado enxeñeiro municipal, cun presuposto base de licitación de **DOUSCENTOS CORENTA MIL EUROS (240.000,00 €)**.

As obras definidas no presente proxecto comprenden o ámbito de actuación da rúa Lamelas s/n en Navia, dentro do término municipal de Vigo, cunha superficie de **1.553 m²**.

A actuación que se pretende realizar é a adecuación da parcela para a construcción dun aparcamiento de 46 prazas para vehículos a así ampliar o número de prazas de aparcamiento dispoñibles na zona.

Debido á masificación da zona en momentos de actividades polas instalacións do polideportivo e campo de fútbol, inténtase aproveitar esta parcela para resolver esa necesidade e acondicionar o mesmo tempo a zona.

Prográmase a construcción dunha zona de aparcamiento de aproximadamente **953,25 m²**, con aproveitamento para 46 prazas, dúas das cales serán para persoas discapacitadas ou con mobilidade reducida. No resto da parcela se fará un xardín para uso e goce da xente, exceptuada a zona próxima á entrada ao polideportivo que se pavimentará.

O aparcamiento distribúese cun vial central tendo un acceso e unha saída á rúa Lamelas, a través deste vial central repártense as prazas de aparcamiento, de dimensións **5x2,40 m²**, estando ordeadas en batería.

Para o acceso ao aparcamiento utilízase a beirarrúa existente construindo unha entrada en formigón. Así como a delimitación mediante marcado vial na zona de aparcamento da rúa Lamelas, para deixar acceso ao devandito aparcamiento.

A solución adoptada para o aparcamiento será unha soleira de formigón con acabado semipulido.

Á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras de data 22 de maio de 2013, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte, **PROPOSTA:**

- 1.- Aprobar o proxecto redactado polo técnico municipal D. Álvaro Crespo Casal para a Adecuación de parcela para aparcamento no polideportivo de Navia, cun orzamento base de licitación de 240.000 (douscientos coarenta mil) Euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(721).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE. EXPTE. 5970/224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 25.06.13, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a solicitude de subvención que presenta a concellería de Igualdade por un importe total de 67.000,00 €, en base ao disposto na Resolución do 24 de maio de 2013, da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, pola que se aproban as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo e procédese á súa convocatoria para o ano 2013 (DOG nº 104 do 3 de xuño de 2013), distribuído do seguinte xeito:

Programa de coeducación. Orzamento: 17.990,00 €. Axuda solicitada: 6.000,00€

Programa de asistencia psicolóxica a fillos e fillas de mulleres maltratadas. Orzamento: 9.866,30 €. Axuda solicitada: 4.000,00€.

Servizo de atención domiciliaria á Infancia. Orzamento: 123.825,00€. Axuda solicitada: 12.000,00€

Axuda ao mantemento de emprego estable do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller. Orzamento: 160.423,04 €. Axuda solicitada: 45.000,00€

2º.- Comprometer ao Concello de Vigo, a través da concellería de Igualdade a financiar o custo das accións obxecto de axuda que non resulte subvencionado para a súa completa realización.

3º.- Designar á xefa do servizo municipal de igualdade Dna. Cristina Gómez García para levar a cabo as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral da Igualdade que se desprenden das bases reguladoras aprobadas mediante Resolución do 24 de maio de 2013 que rexerán estas axudas.

11(722).- LIBRAMENTOS A XUSTIFICAR.

Visto o informe de fiscalización, do 17.06.13, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación de xustificantes de libramentos:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe li-brado	Importe xustifi-ca-do	Data de paga-mento	Data Real xus-tica-ción	Data legal de xustifi-ca-ción	Rein-te-gro	S/ a-favor
Abalde Co-mesaña Ra-quel	201300002734	9120.2260100	3.000,00	2.691,50	21/01/13	18/04/13	21/04/13	308,50	---
Abalde Co-mesaña Ra-quel	201300002736	9120.2269900	1.000,00	46,90	21/01/13	17/04/13	21/04/13	953,10	---
Abalde Co-mesaña Ra-quel	201300002737	9120.2200100	1.000,00	526,80	21/01/13	18/04/13	21/04/13	473,20	---
Abalde Co-mesaña Ra-quel	201300003201	9121.2310000	1.000,00	920,77	22/01/13	17/04/13	22/04/13	79,23	---
Alonso Fe-rragud San-tiago	201300003893	9222.2210300	1.500,00	1.146,32	28/01/13	18/04/13	28/04/13	353,68	---
Cabrera Riande Jor-ge	201300014312	3133.2279900	1.000,00	974,65	22/02/13	22/04/13	22/05/13	25,35	---
Crespo Ca-sal Álvaro	201300031843	1550.2250200	58,34	58,34	07/05/13	08/05/13	07/08/13	---	---
Escariz Couso Al-berto	201300003200	9220.2219902	500,00	248,82	22/01/13	24/04/13	22/04/13	251,18	---
Escariz Couso Al-berto	201300012446	2311.4800000	3.000,00	1.369,36	19/02/13	15/05/13	13/05/13	1.630,64	---
Escariz Couso Al-berto	201300023512	9220.2219901	165,95	165,95	05/04/13	08/05/13	05/07/13	---	---
Espada Re-carey Luis	201300014404	1693.2230000	500,00	70,35	22/02/13	09/05/13	22/05/13	429,65	---
Fernández Fernández Paz	201300003881	2310.4800000	50.000,00	50.000,00	30/01/13	09/04/13	30/04/13	---	---
Gutiérrez Orúa Fran-cisco J.	201300017978	2410.2312007	800,00	452,97	13/03/13	29/04/13	13/06/13	347,03	---
Gutiérrez Orúa Fran-cisco J.	201300017986	2410.2302007	640,00	482,43	13/03/13	29/04/13	13/06/13	157,57	---
Otero La-mas Fran-cisco	201300005492	3133.4800000	5.000,00	3.615,49	07/02/13	22/04/13	07/05/13	1.384,51	---
Vieites Alén José Manuel	201300002732	9220.2260300	6.000,00	5.980,55	23/01/13	28/05/13	23/04/13	19,45	---
Vieites Alén José Manuel	201300014403	9220.2090000	1.152,00	1.152,00	22/02/13	28/05/13	22/05/13	---	---
Vivero Mija-res Antonio	201300002709	1320.2312000	600,00	55,70	06/05/13	24/04/13	06/07/13	544,30	---
Vivero Mija-res Antonio	201300002711	1320.2269900	3.000,00	2.160,12	21/01/13	24/04/13	21/04/13	839,88	---
Vivero Mija-res Antonio	201300016168	1340.2250000	400,00	392,76	28/02/13	23/05/13	28/05/13	7,24	---

TOTAL			80.316,29	72.511,78				7.804,51
--------------	--	--	-----------	-----------	--	--	--	----------

12(723).- CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E HOSTALEIROS “VIGO VELLO” E COA SOCIEDADE GALEGA PARA A DIFUSIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE COMERCIO Á RÚA. EXPTE. 6851/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 20.06.13, conformado pola concelleira delegada de urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o documento de Prórroga do Convenio de colaboración asinado na data do 10.01.2013 entre o Concello de Vigo e as entidades Asociación de Comerciantes e Hostaleiros de Vigovello e a Sociedade Galega para a Difusión e Conservación do Patrimonio para un programa de comercio á rúa, que de seguido se transcribe.

PRÓRROGA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO, A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E HOSTALEIROS VIGOVELLO E A SOCIEDADE GALEGA PARA A DIFUSIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO PARA UN PROGRAMA DE COMERCIO Á RÚA

En Vigo, a de xuño de 2013.

R E U N I O N E S

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, en calidade de Alcalde – Presidente do Concello de Vigo.

Doutra Dna. Milagros Domínguez Fernández, en calidade de Presidenta da Asociación de Comerciantes e Hostaleiros de Vigovello.

Doutra Dna. Ana Isabel Castro Davila, en calidade de Presidenta da Sociedade Galega para a Difusión e Conservación do Patrimonio.

Tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio,

E X P O Ñ E N

Primeiro.- Que o Concello de Vigo e as entidades Asociación de Comerciantes e Hostaleiros de Vigovello e Sociedade Galega para a Difusión e Conservación do Patrimonio asinaron un convenio de colaboración para un programa de comercio á rúa na data do 10/01/2013; este convenio fora aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión do 04/01/2013. Na súa cláusula terceira se recolle o período de vixencia do mesmo, que é dende a data da súa sinatura ata o 30 de xuño de 2013, prazo que poderá ser prorrogado mediante acordo das partes durante a vixencia do mesmo de existir razón suficiente que xustifiquen a mesma.

Segundo.- Que as tres institucións están de acordo en que o cumprimento das obrigas assumidas foron cumplidas por cada unha delas nos propios termos do convenio e que os obxectivos buscados a través da sinatura do convenio foron dабondo acadados, polo que atopan razóns suficientes que xustifican a prórroga do convenio subscrito e están de acordo co mantemento deste instrumento de colaboración como medio idóneo para contribuir á rehabilitación económica, cultural e comercial do centro histórico de Vigo e, polo tanto,

ACORDAN

A subscrición do presente documento de Prórroga do Convenio de colaboración asinado na data do 10/01/2013 entre o Concello de Vigo e as entidades Asociación de Comerciantes e Hostaleiros de Vigovello e a Sociedade Galega para a Difusión e Conservación do Patrimonio para un programa de comercio á rúa, que se rexirá polas mesmas estipulacións salvo a cláusula terceira.- VIXENCIA, que quedará redactada da seguinte forma: "A vixencia do presente convenio será dende o 1 de xullo de 2013 ata o día 31 de decembro de 2013. Este prazo poderá ser obxecto dunha nova prórroga mediante acordo das partes, durante a vixencia do mesmo, de existir razóns suficientes que xustifiquen a mesma."

E en sinal de conformidade, asínase por triplicado este acordo de prórroga, no lugar e data arriba indicados.

13(724).- EXECUCIÓN SENTENZA DO XULGADO DO SOCIAL NÚM. 1, SOBRE DESPEDIMENTO. DEMANDANTE D^a M^a JOSÉ GARCÍA OLIVEIRA. EXPTE. 24154/220

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de 7.06.13, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 31.05.13, conformado pola xefa da Área de Régime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 27/05/2013, recíbese fax da Asesoría Xurídica Municipal (Xefatura do Servizo Contencioso) na cal se comunican as Sentenzas do Xulgado do Social nº 1 de Vigo do 15 e 20 de maio do 2013, estimatorias parciais das demandas interpostas por D^a M^a José García Oliveira contra o Concello de Vigo.

A reclamante fora bolseira do Servizo de Turismo do Concello de Vigo, tendo reclamado contra o mesmo por despido nulo e recoñecemento de dereito e cantidade como persoal laboral; a sentenza nº 299, do 20 de maio do 2013, declara, entre outros aspectos:

- a) A nulidade do despido con data 17/11/2012.
- b) A condena ao Concello de Vigo á readmisión inmediata da actora no posto de traballo que tiña antes de ser "despedida".
- c) O dereito á percepción dos salarios deixados de percibir dende o 17/11/2012 (data do despido) a razón dun importe de 71,68 euros diarios.

2.- Na citada comunicación, a Asesoría Xurídica indica a obriga de execución inmediata da sentenza en canto á readmisión inmediata da recurrente, e ao aboamento dos salarios deixados de percibir dende o despido indicado, debendo estarse, en canto ás condicións da readmisión, ao resolto na Sentenza nº 284/2013, do 15 de maio, que sinala as condicións seguintes:

- d) relación laboral indefinida
- e) antigüidade dende o 16/11/2009, computando o período 15/06 a 15/11/2004, conforme ao contrato laboral;
- f) categoría de “administrativo de servizos turísticos” (subgrupo C1, CD 19 e CE 316).

En consecuencia, e sen prexuízo da apelación das resolucións xudiciais indicadas por parte dos Servizos Xurídicos Municipais, procédese á execución do resolto, nos termos indicados.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha doble perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demáis resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstes, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra “Défense de l'esprit des lois” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumplir as sentenzas e demáis resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. -Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".

III.- En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar que o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, efectúa no seu artigo 235 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demáis resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1); téndose en conta, no presente supsoto, que as resolucións xudiciais que se executan non son firmes á data de hoxe, sen prexuízo do cal, resulta de aplicación o disposto no artigo 113 en relación co artigo 297.2 da Lei 36/2011, de 16 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social, tal e como se sinala no fax do Servizos Xurídicos Municipais recibido o 27/05/2013.

IV. -En consecuencia, provisionalmente e sen prexuízo do que se estableza na resolución xudicial que se dicte en apelación, procede que, con carácter urgente se autorice a readmisión da re-corrente Dª Mª José García Oliveira no Concello de Vigo, dentro da estructura organizativa do Servizo de Turismo, aos efectos de que preste os seus servizos de xeito efectivo no mesmo, nos termos do disposto na propia sentenza, coa categoría profesional indicada (“administrativo de

servizos turísticos” (subgrupo C1, CD 19 e CE 316), sempre respectando, no exercicio das funcións que a sentenza lle atribúe, o establecido no artigo 9.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emplegado Público, que prohíbe que o persoal laboral realice funcións reservadas a funcionarios públicos (participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas e salvaguarda dos intereses xerais do Estado e das Administracións Públicas), motivo polo cal deberá tomarse en conta dita previsión legal, tanto pola reclamante como pola responsable do Servizo de Turismo, no desenvolvemento da actividade do servizo.

V. En canto ao aboamento dos salarios deixados de percibir pola recorrente, as resolución xudicial obxecto de execución establece o dereito á percepción dos salarios deixados de percibir desde o 17/11/2012 (data do despido) a razón dun importe de 71,68 euros diarios; así como a antigüidade dende o 16/11/2009, computando o período 15/06 a 15/11/2004, conforme ao contrato laboral (correspondente co subgrupo C1).

Debe salientarse que, en tanto non se dicte sentenza xudicial firme e se proceda á regularización da situación de indefinición do vínculo laboral xudicialmente declarado mediante aos mecanismos legalmente previstos (amortización de posto, avaliación da legalidade e procedencia de creación de prazas, sempre que a lexislación orzamentaria o permita; expediente de regulación de meprego, etc), este Servizo de Recursos Humanos únicamente dispón da partida orzamentaria 121.0.140.00.00 (outras modalidades de contratación laboral temporal) no marco dos Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o presente exercicio económico 2013, entendendo a suscribinte –a salvo obviamente de mellor criterio da Intervención Xera Municipal- que deberá imputarse o gasto que xenera a readmisión á sinalada aplicación orzamentaria.

O réxime retributivo, será en todo caso o mesmo que o do persoal laboral integrado no cadre de persoal municipal, como así o estimou a referida resolución xudicial, resultando consecuentemente de aplicación o vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” no que non se atope suspendido na súa vixencia por mandato legal do Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo.

